

VINDEIROS CONCERTOS

Sábado 27 de outubro 20:00 h | Igrexa de San Bartolomé, Pontevedra
VEREDAS Ricard Capellino

Sábado 3 de novembro 18:30 h | Auditorio Martín Códax, Vigo
MIGRACIONES Espai Sonor

Luns 5 de novembro 20:30 h. | Igrexa de San Francisco, Pontevedra
LIBRO DE ESCOITAS Thomas Piel

PROMOVE:



Vicerreitoría do
Campus de Pontevedra
Universidade de Vigo

**vertixe
sonora**

PATROCINA:



Concello de Cangas



Luns 15 Outubro 20:00h.

AUDITORIO

CANGAS DO MORRAZO

A EXPOSICIÓN NEGRA

Vertixe Sonora

con Simone Santi Gubini, Paul Clift, Panayotis Kokoras

Simone Santi Gubini procúranos unha experiencia inmersiva total coa súa música para orquestra amplificada de nove instrumentos. Segunda das pezas na composición círculo evolución da obra de teatro musical para violoncello amplificado “E” (2016). En *A exposición negra* os instrumentos conforman un corpo musical enorme e vasto (de alta resistencia) provocado a través das escalas acústicas. O son como puro defecto instrumental é ambivalente, áspero, polvoriento, furiosamente profundo e sólido, como unha materia prima: materia grexa torchiata.

No contraste máximo de rexistros, o instrumento produce tons inestables e sons de “sobreeposición” para crear un novo tipo de movemento de paso. Todo o espazo do auditorio reconvertido no interior do instrumento musical. O público está inmerso no son do instrumento, na súa profundidade.

“En *Sound Box* (caixa de son) explórase a forma en que se produce o son instrumental e a forma en que o instrumento reacciona á acción do músico durante a interpretación. Trátase dun xogo no que a forma se desenvolve facendo sons e non reproducindoos”. A este divertimento convidanos o compositor grego Panayotis Kokoras na súa nova obra escrita especialmente para Vertixe Sonora co patrocinio de North Texas University.

A proposta a completa *Inhabiting the vanishing* de Paul Clift a segunda colaboración do compositor australiano con Vertixe Sonora despois do éxito do seu cuarteto *The sea is not rising* (2017)

PROGRAMA

PAUL CLIFT *Inhabiting the vanishing**
para ensemble de sete instrumentos e electrónica

PANAYOTIS KOKORAS *Sound Box**
para ensemble de sete instrumentos e electrónica

SIMONE SANTI GUBINI *A exposición negra*
para ensemble amplificado de nove instrumentos

*estrea mundial, encomenda de Vertixe Sonora

VERTIXE SONORA [intérpretes neste concerto]

Clara Saleiro *frauta*

Jorge López *clarinete*

Pablo Coello *saxofón*

Jesús Coello *fagot*

Oswaldo Costal *guitarra eléctrica*

Roberto Alonso, Mario Peris *violín*

Ailsa Lewin, Milagros García *cello*

Carlos Mendes *contrabaixo*

Diego Ventoso *percusión*

David Durán *piano, teclado e interfaces*